




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: ría de Aldán e Costa da Vela. Municipio: Cangas. Parroquias: Santo André de Hío. Extensión: 0,83 km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa de trazado acantilado baixo, especialmente a metade norte, que alterna con sectores sedimentarios como as praias do Couso, Estrepeiros ou Rabáns. A prolongación continental ten lugar a través dunha vertente regular de pendente moderada (aínda que máis suave na metade sur da unidade) que culmina nos altos do Couso e da Cruz. Inclúe o EIX Relevo acantilado da Costa da Vela.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Litoloxicamente, a unidade caracterízase pola presenza exclusiva de granitos de feldespato alcalino que presentan numerosas fracturas de dirección SOO-NEE.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Rango de precipitacións medias acumuladas durante o ano entre 1200 mm e 1400 mm. Temperatura media anual por riba de 15 °C e oscilación térmica con valores medios entre 12,5 °C e 13,5 °C. Dominio climático cálido e húmido.

OS SOLOS

Predominio dos solos novos con escasa profundidade e abundancia de afloramentos rochosos en superficie, principalmente dos tipos regosol e leptosol lítico. O tramo costeiro presenta pequenos enclaves de arenosoles asociados ás escasas praias que se forman na unidade.

AS AUGAS

A rede hidrográfica da unidade restrínxese a pequenos arrosios que forman valgadas, cuxa desembocadura aproveita as liñas de debilidade do terreo: praias e enseadas. As augas costeiras identifícanse co código 20155.

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Medio mariño das Rías Baixas. O sector da punta do Couso está incluído no LIC Costa da Vela. Unidade de costa mixta onde aparecen praias acaroadas a pequenos acantilados e zonas de acantilados baixos con extensas plataformas. Na parte noroeste, os acantilados teñen máis potencia e desaparece a plataforma. Así, aparecen cantís mariños atlánticos con praias de coios (1230) e vexetación anual sobre refugалlos mariños acumulados. A ocupación forestal e contrutivo-turística impide o desenvolvemento das matogueiras costeiras. Nas zonas poboadas e agrícolas (A Alada e As Tomadas), é posible observar algunhas agrupacións de frondosas en recolonización, pero mesturadas con especies menos interesantes. A existencia dalgunha furna nos acantilados contribúe o hábitat 8330, furnas mariñas mergulladas e semimergulladas.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O uso predominante na unidade é o forestal, que ocupa as zonas máis altas da vertente dos altos do Couso e de Fontecha, e que chega ata a fachada litoral na zona setentrional. Trátase de masas homoxéneas de eucalipto e piñeiro. As zonas intermedias da ladeira, ao sueste da unidade, están ocupadas por asentamentos de poboación asociados ao grande atractivo turístico que teñen as praias, que dominan a liña de costa intercaladas con acantilados baixos. Os terreos de cultivo instálanse entre a fachada costeira e os asentamentos, e comparten territorio con algún uso dedicado especificamente ao turismo, como un cámping situado entre as praias de Rabáns e de Alada.

MORFOLOXÍA

Na unidade non existe ningún núcleo tradicional. As construcións existentes responden a un asentamento espontáneo de vivendas unifamiliares que, de forma dispersa, se localizan na Tomada, en Alada e en Punta Couso. Estas vivendas, a maioría segundas residencias ou vivendas turísticas, xeran un tecido residencial moi extensivo e pouco compacto, que se distribúe no terreo alternado con outros usos e actividades, todas orientadas ao sector turístico.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Paralela á fachada litoral da unidade discorre a estrada EP-1008, que percorre un pequeno tramo ata o cámping da praia de Alada. Dende alí parte unha rede de camiños asfaltados que cosen as vivendas existentes, un dos cales conduce polo interior á praia de Couso, antesala do extremo norte de Punta Couso. A esta praia accédese tamén dende a de Rabáns, por un carreiro sobre o litoral.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Preto da punta de Alada atópase o petróglifo de Alada, único patrimonio arqueolóxico na unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A paisaxe está formada por unha costa de acantilados baixos intercalados con algunhas praias, tras a cal se ergue unha ladeira de pendente moderada e, como fondo, un relevo montañoso que limita a unidade. Caracterízase pola ocupación profusa de antigas terras de cultivo por vivendas unifamiliares que, de forma dispersa, foron transformando o non-distante carácter natural nun espazo significativamente construído. O potencial turístico deste ámbito propiciou unha ocupación de vivenda unifamiliar de carácter vacacional ligado ao uso das praias próximas, como a de Rabáns, desta unidade. A zona de Punta Couso é a que aínda mantén un alto grao de naturalidade.

DINÁMICA DA PAISAXE

Trátase dunha paisaxe sometida a unha forte dinámica que modificou o seu carácter como consecuencia da recente substitución dos usos tradicionais realizados sobre o territorio por outros de maior carga transformadora. Novos asentamentos e masas forestais van ensombrecendo o mosaico de cultivos e as matogueiras costeiras.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Trátase dunha paisaxe moi antropizada, cun peso significativo do proceso urbanizador, ao tempo que posuidor dun alto valor que lle outorga a súa situación na ría de Aldán. O maior valor paisaxístico do ámbito constitúeo a contorna á Punta Couso, que configura, xunto con cabo Udra, unha cunca visual en dirección ao fondo da ría e introduce unha certa fragilidade na percepción visual da paisaxe. O alto valor ambiental desta punta fixo que estea incluída como ZEPA-LIC da Costa da Vela e que sexa Espazo de Interese Xeomorfolóxico. O Alto do Couso é un punto de observación dende o que se obteñen grandes vistas panorámicas de toda a ría de Aldán. Recordar que dende o mirador de Corredondo no Concello de Vilaboa obsérvase esta unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN

Crecementos lineais dos núcleos das Tomadas e Alada, co obxectivo de ordenar os usos do solo e evitar a implantación de vivendas unifamiliares dispersas na fronte costeira, sen funcións definidas e sen identidade no tocante á poboación, que xeren un continuo que impida a contemplación do horizonte. Búscase favorecer a permeabilidade e evitar a perda da biodiversidade da área, coa intención de mellorar, deste xeito, a calidade escénica e ambiental do litoral.

Lenda / Leyenda

Usos do solo/ Usos del suelo

	Chairras intermareais / Llanuras intermareales		Matogueiras / Matorrales
	Marismas / Marismas		Cultivos e prados / Cultivos y prados
	Praias / Playas		Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
	Dunas / Dunas		Viñedos / Viñedos
	Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros		Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
	Cantis / Acantilados		Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
	Vexetación costeira / Vegetación costera		Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
	Bosques autóctonos / Bosques autóctonos		Outras masas de auga / Otras masas de agua
	Bosques de ribeira / Bosques de ribera		Canteira / Cantera
	Bosques mixtos / Bosques mixtos		Artificial / Artificial
	Bosques de recolonización / Bosques de recolonización		
	Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo		

Asentamentos / Asentamientos

	Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
	Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
	Asentamento funcional / Asentamiento funcional
	Agregado urbano / Agregado urbano
	Nova agrupación / Nueva agrupación
	Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-
-
-
-
-
-
-
-

Toponimia / Toponimia

-
-
-
-
-
-
-

Batimetría / Batimetría

Espazos de interese / Espacios de interés

-
-
-
-

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



